A NOVA NARRATIVA GALEGA.

Coexisten varias tendencias:

- ➔ Autores cunha longa traxectoria, Blanco Amor, A. Cunqueiro, A. Fole.
- ➔ Novos autores dunha corrente realista e crítica que reflicten a sociedade da época, Xosé Neira Vilas.
- ➔ Un novo xeito de narrar que rompe coas fórmulas tradicionais e introduce técnicas e temas renovadores procedentes da narrativa universal do séculoXX, NOVA NARRATIVA GALEGA.

Aparece un novo grupo de narradores que toman o nome de Nouveau Roman francés, que desprezan as formas narrativas tradicionais e a procuran novos camiños.
Esta nova corrente inaugúrase en 1954 coa novela de Gonzalo R. Mourullo, **Nasce un arbre,** ao que seguen autores como X.L. Méndez Ferrín con **Percival e outras historias, O crepúsculo e as formigas e Arrabaldo no norte,** Carlos Casares:.**Vento ferido,** María Xosé Queizán: **A orella no buraco,** Xohana Torres: **Adiós María.**

CARACTERÍSTICAS

- Formación universitaria.
- Claras inquietudes galeguistas.
- Viaxeiros por Europa e coñecedores da literatura europea eamericana.
- Intención innovadora e desexo de ruptura formal coa tradición narrativa (a Xeración Nós, o ruralismo, o social-realismo).
- Comparten influencias de Kafka:o absurdo; de James Joyce: a exploración do monólogo interior; de W. Faulkner: o tempo deixa de ter un tratamento lineal (retrospeccións, prospeccións, minutos eternos, de Sigmund Freud: a presenza do subconsciente.
- Localización espacial imprecisa, sen identificación física.
- Ambientes urbanos para os protagonistas e personaxes non identificados, anónimos, conflitivos e marxinais.
- Mestura de realidade e mundo fantástico.
- Abandono do antropocentrismo: o home non ten máis importancia que os obxectos.
- Presenza do sexo e da violencia.
- Desaparición do narrador tradicional.
- Uso de linguaxe e técnicas do cine, a pintura ou a banda deseñada.

CARLOS CASARES (XINZO DE LIMIA, 1941- VIGO, 2002)

Publica os seus primeiros relatos na revista Grial.
Colabora con La Voz de Galicia.
En 1978 ingresa na RAG.
Foi director da editorial Galaxia e da revista Grial.
Presidiu o Consello da Cultura Galega.

As súas primeiras obras sitúanse dentro da Nova Narrativa.
Emprega técnicas narrativas vangardistas (monólogos interiores, ruptura temporal, diferentes voces...).
Personaxes sórdidos e violentos.

Vento ferido (1967), doce contos con personaxes polo xeral vulgares, tomados do cotián e que sofren situación de violencia debido xeralmente á presión dun ambiente social abafante.
Cambio en tres (1969), a obra máis innovadora de Casares desde o punto de vista formal e unha das máis arriscadas da escola (monólogo interior, descricións obxectualistas (de obxectos como se se tratase dunha cámara cinematográfica), liberdade de puntuación e da disposición gráfica do texto). Tematicamente desenvolve un tema tradicional: a emigración.
As súas mellores obras son posteriores e de feitura moito máis clásica (**Xoguetes para un tempo prohibido**; **Os estraños soños de Clío**; **Os mortos daquel verán.**

Nunha segunda etapa Carlos Casares abandona as innovacións técnicas e céntrase na historia do relato:
Os escuros soños de Clio, relatos vinculados a momentos históricos de Galicia.

Outras obras narrativas: **Ilustrísima**, **O sol do verán**, **Deus sentado nun sillón azul.**

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN (OURENSE 1938)

Opositor á política da ditadura.
Forma parte do grupo Brais Pinto.
Colabora co Faro de Vigo.
Dirixe a revista de pensamento científico A trabe de Ouro.
É membro da RAG.

Percival e outras historias (1958), libro de relatos de temática artúrica que mestura a realidade (a cidade) coa fantasía (o bosque, símbolo da liberdade e da felicidade);
O crepúsculo e as formigas (1961), libro de relatos nos que deforma a realidade facéndonos dubidar se o que narra é real ou imaxinario. Ten gran presenza a violencia para amosar situacións de opresión e miseria; **Arrabaldo do Norte** (1964), novela de técnica obxectualista, que presenta un home , incapacitado para a comunicación, perdido polas rúas dunha cidade sen saber quen é nin o que busca.
En **Retorno a Tagen Ata** (1971) e **Elipsis e outras sombras** (1974) aínda atopamos elementos como a realidade e o mundo onírico, espazos pechados e obsesivos, …que as poderían situar dentro do mesmo ciclo cás anteriores, pero con elas Ferrín inicia un novo ciclo no que se centra nos temas políticos tratados de xeito simbólico.
En **Retorno a Tagen Ata** atopamos Tagen Ata e Terra Ancha, simbolizando a Galicia e a Castela. A novela contrapón o nacionalismo revolucionario contra o culturalismo. Ao final o protagonista tiña que matar a Ulm Roam, líder do culturalismo, pero namórase del e só o mata en soños.
En **Elipsis e outras sombras** aparecen relatos fantásticos nos que domina unha violencia institucional terrible.
Na mesma liña esta **Crónica de nós,** nove relatos nos que aparece o tema do amor frustrado, situacións políticas pertencentes a épocas distintas (falanxista, 1945 e nacionalista, 1977).
Na década de 1980 inicia a etapa centrada no mundo da Bretaña con **Amor de Artur** no que recrea mundos míticos. Predomina un ton pesimista e de nostalxia. Neste mesmo grupo atopamos a **Arnoia, Arnoia** e **Bretaña Esmeraldina.**
A súa época de madurez iniciase con Arraianos, relatos ambientados na fronteira con Portugal nos que recrea situacións da cultura popular e da represión franquista ademais de relatos cun estilo no que lle fai unha homenaxe a Otero Pedrayo.

Son constantes da súa obra:

- influencias cinematográficas nas técnicas narrativas (zoom, flash-back),
- idealización e lembranza da infancia e xuventude,
- uso de onomástica exótica, nórdica e oriental,
- gusto pola entomoloxía, é dicir, polos insectos que cobran vida na súa obra (O crepúsculo e as formigas),
- o misterio,
- os símbolos (a cor verde, repugnancia),
- a descrición pormenorizada de momentos de violencia e tortura, moitas veces relacionado co réxime franquista,
- recorrencia de nomes e símbolos (Tagen Ata aparece en **Retorno a Tagen Ata** e en **Bretaña Esmeraldina** como símbolo de patria).

A relevancia e a calidade da súa obra convérteno nun dos referentes máis importantes da nosa literatura tanto en prosa como en poesía.

Os seus inicios **como poeta** están unidos á Escola da Tebra (***Voce na néboa***, 1957), escribiu poesía social baixo o heterónimo de Heriberto Bens (sempre formalmente máis coidada que o socialrealismo do momento) pero o seu libro máis importante é ***Con pólvora e magnolias*** (1976), que supón un camiño novo na literatura galega, aportando novos temas, nova linguaxe poética... Neste libro combínase a poesía revolucionaria (a pólvora) co lirismo intimista (a lembranza do pasado, o paso do tempo, o amor, a morte) e o luxo estético (as magnolias). Usa o versolibrismo e multitude de referencias culturais: o celtismo, a poesía medieval, o movemento beat (rechazo dos valores clásicos, uso de drogas, liberdade sexual) ... O ton é nostálxico: mostra a imposible recuperación do tempo ido e o triunfo da decadencia.
1975 foi o ano do cambio. Morre Franco e ***Con pólvora e magnolias*** -xunto con ***Mesteres***, de Arcadio López Casanova- foi quen marcou ese cambio. Tiña que vir dado por un home metido de cheo na política e na protesta social como Xosé Luís Méndez Ferrín.

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN, VIGO 1939

Destacada feminista.
Didectora da revista cultural *Festa da palabra silenciada* e da colección de narradoras *As literatas* da editorial Xerais.

Xunto con Xohana Torres, autora de **Adiós María**, é un dos referentes da literatura galega escrita por mulleres no s. XX.
Na súa obra ten moita importancia a militancia política nacionalista e o seu compromiso feminista.
Sitúase na Nova Narrativa Galega coa súa obra **A orella no buraco (**1965), influída polo obxectualismo, conta a historia dun emigrante fracasado que regresa a Galicia empregando o flash-back.
Predomina a descrición detallada de obxectos en terceira persoa, combinada con monólogos interiores do protagonista en primeira persoa.
O espazo é urbano.

A segunda novela e **Amantía**, novela feminista, ambientada na época romana do s. IV,

conta e historia dunha monxa.

Outras obras;
A semellanza, trata o tema da homosexualidade.
O segredo da pedra figueira, literatura infantil.
Amor de tango, narra a vida de tres mulleres no Vigo da posguerra.
Ten o seu punto a fresca rosa, na que toca o tema da homosexualidade feminina.
Sentinala, alerta!, trata a violencia, a inxustixa e a destrución.

XOHANA TORRES, SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1931

Adiós, María
1. **Premio Galicia** do ***Centro Galego de Bos Aires*** en 1970.
2. **Monólogo interior**.
3. Problemática da **integración** dunha **familia rural** no **ambiente urbano** de Vigo nos anos 60.
4. **Dous planos**:
a) O **mundo interior** da protagonista, **Maxa**.
b) **Mundo exterior conflitivo**.

XOSÉ NEIRA VILAS (VILA DE CRUCES, 1928).

Sitúase á marxe da Nova Narrativa Galega.
Visión realista e crítica da Galicia rural e do mundo da emigración.
Técnica narrativa de novas voces narradoras.
Estructura en forma de cartas ou diario, na que non aparece o interlocutor.
Podemos clasificar a súa obra en torno a dous focos:
Galicia interior: Plasman a sociedade campesiña, marcada pola opresión e pola pobreza económica, cultural e ideolóxica. Os personaxes semellan incapaces de escapar dese mundo atrasado onde impera a dominación política e relixiosa nun clima de sometemento e resignación. Unhas son de protagonismo infantil (pero non literatura infantil) e outras de protagonismo adulto. A máis sobresaliente é ***Memorias dun neno labrego*** (1961) , o libro máis lido da literatura. galega e traducido a moitas linguas.

Galicia emigrante: Mostran os problemas xerados a causa da emigración forzosa: a morriña da terra, o illamento e as dificultades de adaptación ao mundo urbano, a loita por saír da miseria... ***Historias de emigrantes*** (1968)
Tamén escribiu literatura infantil: ***Espantallo amigo*** (1971), entre outros e ensaios.

Memorias dun neno labrego (1961)
É talvez o cume da súa obra narrativa.
O éxito de venda e difusión mesmo fóra de Galiza -pois foi traducida a varios idiomas: chinés, ruso, alemán, búlgaro, inglés...- confirma o valor literario e o traballo estilístico dunha novela de estructura sinxela, de orixe autobiográfica, na que trata o mundo pechado e duríísimo de Balbino, neno fillo de labregos pobres, que traballa de criado, a descubrir as miserias e pequenas alegrías dunha vida que é un pouco a de todos nós.
Cada capítulo é autónomo e trata dun asunto, desde a superstición, o amor, a amizade, a morte e a situación de opresión que se vive na aldea da posguerra.
Foxe do ruralismo costumista e dálle ao relato un ton universal ao implicar ao lector na problemática que propón o protagonista.
Outras obras súas son **Cartas a Lelo** (1971) ,**Aqueles anos de Moncho** (1977),
De temática rural e adulta destaca **Xente no rodicio, A muller de ferro ou Querido Tomás ...(1980),** que falan da realidade do campo galego marcada pola desesperanza, pola pobreza e o caciquismo.

Noutro grupo están as obras sobre a emigración, presentada como un dos grandes males derivados da pobreza e do atraso, **Camiño bretemoso, Historia de emigrantes, Remuíño de sombras** e **Relatos mariñeiros.**

Outras obras:
Tempo novo, relatos de experiencias e comportamentos dos galegos sorprendidos pola revolución cubana.
O home de pau, relatos centrados na vida da cidade e os seus inconvenientes: masificación, soidade, illamento...